

## 4. Aprendizaxe de idiomas

### 4.1. Aprendizaxe de idiomas

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (MECD) convoca estas bolsas para fomentar o coñecemento e a difusión da lingua e a cultura españolas no exterior.

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE. BOLSAS PARA AUXILIARES DE CONVERSACIÓN DE LINGUA ESPAÑOLA NO ESTRANXEIRO

### Requisitos

- Ter nacionalidade española.
- Ser estudante de último curso ou estar en posesión dunha titulación das que se relacionan no Anexo I da convocatoria.
- Non padecer enfermidade que imposibilite o exercicio das súas funcións como Auxiliar de Conversación.
- No haber ocupado plaza de auxiliar de conversación con anterioridade.

### Lugar

As prazas distribúense entre Alemaña (110 prazas), Australia (2), Austria (30), Bélxica (15), Canadá (3), Estados Unidos (30), Francia (433), Irlanda (12), Italia (20), Malta (5), Nova Zelandia (6), Reino Unido (210) e Suecia (2).

### Prazos de solicitude

No segundo semestre do ano.

### Proceso de selección

As solicitudes deben realizarse a través da aplicación informática Profex, do MECD. Aplicaranse os baremos establecidos no anexo da convocatoria.

Para máis información: [mecd.gob.es](http://mecd.gob.es)

### Duración e contía

Tanto o número de prazas como os países participantes poden sufrir variacións en función da planificación que as autoridades educativas dos países participantes.

A duración e contía varían segundo o país de destino.